

3.3

prestacións económicas

A hora de aborda-la análise das prestacións económicas, o estudio divídise en tres bloques. Nunha primeira parte, abórdase o estudio dos beneficiarios e o importe medio das pensións contributivas, para analizar posteriormente a situación das pensións non contributivas e das pensións por desemprego.

Para a realización da análise das prestacións económicas utilizaranse os datos facilitados polo Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, o INEM e a Dirección Xeral de Servizos Sociais.

O punto de partida do estudio recollido neste apartado é o **cadro 3.3.1.**, no que se amosa un resumo dos datos de beneficiarios e o importe medio dos diferentes tipos de protección. Como se pode apreciar, as pensións contributivas son as que acollen o maior número de beneficiarios con 660,0 miles de persoas, fronte ás 652,0 do ano anterior.

Pensións contributivas

A 31 de decembro de 1999 había en Galicia un total de 660 miles de persoas cobrando algún tipo de pensión da Seguridade Social, cun importe medio de 62.200 pesetas. O número de pensións en Galicia aumentou un 1,2% en relación a 1998, mentres que para o conxunto do estado a taxa de crecemento foi dun 1,3%. O peso relativo das pensións galegas no total español pasa do 8,80% do ano 1998 ó 8,79% do ano 1999.

Ó igual que no ano anterior, Galicia é a quinta comunidade con maior número de pensións, sendo superada por Cataluña, Andalucía, Madrid e C. Valenciana. Ademais, Galicia non só é a Comunidade Autónoma co importe medio máis baixo, senón que o diferencial co importe medio estatal volve a aumentar en 1999 respecto ó ano anterior: 12.100 pesetas en 1999, fronte ás 11.500 pesetas do ano anterior.

CADRO 3.3.1.

Resumo das prestacións 1998-99: beneficiarios e importe medio segundo tipo de cobertura

	1998		1999	
	número (en miles de pensións) (media anual)	importe medio (miles de pesetas) (media mensual)	número (en miles de pensións) (media anual)	importe medio (miles de pesetas) (media mensual)
Pensións contributivas	652,0	60,4	660,0	62,2
Incapacidade permanente	59,2	66,8	58,4	70,3
Xubilación	416,6	67,5	420,8	69,6
Viúvez	153,8	42,7	156,9	43,9
Orfandade e favor familiar	22,4	31,1	23,9	31,7
Pensións non contributivas	48,262	42,082	51,001	
Invalidez	24,827	44,286	26,188	
Xubilación	23,435	39,753	24,813	
LISMI	9,832		8,392	
Pensións asistenciais	6,669		3,789	
	(media mensual)		(media mensual)	
Prestacións por desemprego	66,122	48,039	61,245	
Contributivas	28,635		28,877	91,860
Subsidios	37,487		32,368	69,270
	(beneficiarios a 31-12)		(beneficiarios a 31-12)	
RISGA	4,140	38,560 (media anual)	4.292,0	(media anual)
Axudas de emerxencia social	1,148	149,132	943,0	

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales e da Dirección Xeral de Servizos Sociais

Desagregando o estudo segundo os diferentes tipos de pensións, o **cadro 3.3.2.** reflicte o descenso do peso relativo das pensións de incapacidade permanente en Galicia en 1999, que pasan de se-lo 7,4% do total das pensións españolas por incapacidade permanente ó 7,3% do último ano. En termos absolutos, o número de pensións de incapacidade permanente descende dende os 59,2 miles de pensións de 1998 ata os 58,4 miles de 1999. En canto o seu importe medio, este ascendeu ata as 70,3 miles de pesetas, sendo a terceira comunidade co importe medio máis baixo, por diante de Murcia e Extremadura.

Respecto ás pensións por xubilación e viúvez, estas ascenderon a 420,8 e 156,9 miles de pensións, respectivamente, o que representa o 9,5% do total das pensións de xubilación de España e o 7,95% das pensións de viúvez. Os seus importes medios son os máis baixos do estado, con 69,6 e 43,9 miles de pesetas, respectivamente.

O problema do baixo importe medio das pensións galegas en comparación coas outras comunidades agrávase polo feito de que o diferencial coa media estatal se agranda, pasando de 14.300 pesetas en 1998 ás 14.400 pesetas en 1999 no caso das pensións de incapacidade permanente; das 14.500 pesetas ás 15.200 no caso das pensións de xubilación,; das 8.200 pesetas ás 8.500 pesetas no caso de viúvez; e das 900 pesetas ás 1.000 no caso das pensións por orfandade e favor familiar.

Prestacións non contributivas

Tal e como reflicte o **cadro 3.3.3.**, o número total de **beneficiarios** das pensións non contributivas creceu en Galicia un 5,7% en 1999 respecto ó ano anterior, sendo este crecemento 1,1 puntos superior ó experimentado polo conxunto do estado. Nos últimos anos, Galicia é a terceira comunidade con maior número de beneficiarios, despois de Andalucía e Cataluña.

CADRO 3.3.2.

Pensións da Seguridade Social nas CC.AA. 1998-99: beneficiarios e importe medio segundo clase de pensión

(número: medias anuais, en miles de pensións)
(importe medio: en miles de pesetas)

1998

	Totais		Incapacidade permanente		Xubilación		Viuvez		Orfandade e favor familiar	
	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio
Andalucía	1.162,4	66,9	171,1	77,2	625,9	75,9	309,7	49,7	55,7	29,5
Aragón	257,7	73,5	21,9	92,1	161,0	81,8	67,4	52,0	7,3	34,7
Asturias	280,0	88,0	30,8	103,9	164,5	103,6	75,7	53,4	9,0	38,6
Baleares	144,0	64,9	16,7	76,3	86,9	72,6	36,3	45,7	4,1	27,9
Canarias	192,5	68,2	24,4	73,5	102,4	80,2	54,1	51,5	11,6	29,5
Cantabria	118,5	73,9	11,0	82,4	72,4	85,5	30,5	49,4	4,5	34,0
Castela-A Mancha	306,6	66,3	26,4	71,9	186,3	74,2	82,2	51,6	11,7	30,9
Castela e León	555,1	69,6	46,7	83,6	348,0	77,9	141,1	49,4	19,2	33,4
Cataluña	1.302,0	73,8	149,3	79,7	798,3	83,5	323,9	51,1	30,5	32,0
Comunidade Valenciana	718,4	66,0	71,4	72,1	426,9	74,7	195,2	49,3	24,8	29,5
Extremadura	190,3	62,3	19,5	66,4	108,0	70,0	54,0	50,6	8,8	30,1
Galicia	652,0	60,4	59,2	66,8	416,6	67,5	153,8	42,7	22,4	31,1
Madrid	762,0	85,2	64,7	100,4	456,0	99,6	212,1	56,4	29,1	35,0
Murcia	189,9	64,5	31,1	64,8	104,2	74,5	47,0	47,8	7,6	29,3
Navarra	96,8	77,6	9,8	98,9	59,0	86,5	24,5	53,5	3,4	35,8
País Vasco	413,0	90,3	42,7	108,3	243,3	105,1	111,0	58,4	16,0	37,8
A Ríoxa	56,0	69,0	6,2	80,6	34,4	76,0	13,7	50,4	1,6	33,0
Ceuta e Melilla	13,6	77,8	1,7	94,9	6,6	96,8	4,4	53,1	0,9	28,7
Total	7.410,7	71,9	804,5	81,1	4.400,9	82,0	1.936,7	50,9	268,5	32,0
G/E (%)	8,80		7,36		9,47		7,94		8,34	

1999

	Totais		Incapacidade permanente (1)		Xubilación		Viuvez		Orfandade e favor familiar	
	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio
Andalucía	1.182,6	68,9	172,5	80,3	634,1	78,4	316,0	51,0	60,0	30,1
Aragón	258,8	76,0	21,6	96,0	161,2	84,7	68,2	53,6	7,8	35,4
Asturias	281,9	90,9	30,6	108,5	164,8	107,3	76,9	55,3	9,6	39,6
Baleares	145,3	67,0	16,9	79,3	87,0	75,1	37,0	47,1	4,5	28,6
Canarias	197,0	70,3	24,0	76,3	104,8	82,9	55,5	52,9	12,7	30,2
Cantabria	119,3	76,6	10,8	86,1	72,7	88,7	31,0	51,1	4,8	35,0
Castela-A Mancha	309,6	68,3	26,4	75,4	187,3	76,6	83,4	52,9	12,5	31,5
Castela e León	558,6	71,8	45,0	87,5	349,9	80,5	143,4	50,9	20,3	34,1
Cataluña	1.319,7	76,3	148,1	83,8	808,0	86,4	330,4	52,7	33,2	32,9
Comunidade Valenciana	728,8	68,1	71,6	75,8	431,5	77,3	199,0	50,7	26,7	30,2
Extremadura	191,6	64,0	19,0	69,0	108,6	72,1	54,7	51,9	9,4	30,5
Galicia	660,0	62,2	58,4	70,3	420,8	69,6	156,9	43,9	23,9	31,7
Madrid	776,5	88,1	63,4	103,6	465,6	103,4	216,3	58,2	31,1	35,9
Murcia	192,6	66,5	29,9	67,6	106,4	76,8	48,2	49,1	8,1	29,9
Navarra	98,4	80,4	9,8	102,5	59,9	90,0	25,0	55,2	3,7	36,9
País Vasco	418,7	93,5	42,4	112,2	246,5	109,2	112,9	60,3	16,8	39,1
A Ríoxa	56,3	71,3	6,0	84,3	34,6	78,7	13,9	51,9	1,7	34,0
Ceuta e Melilla	13,7	79,8	1,7	99,9	6,6	99,7	4,4	54,7	1,0	28,8
Total	7.509,3	74,3	798,0	84,7	4.450,2	84,8	1.973,3	52,4	287,8	32,7
G/E (%)	8,79		7,32		9,46		7,95		8,30	

Importe medio: 71,99 euros por familia

(1) desde decembro de 1997, as pensións de incapacidade permanente de beneficiarios de 65 e máis anos figuran incluídas nas de xubilación
Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

CADRO 3.3.3.

Pensións non contributivas nas CC.AA. 1998-99: beneficiarios

(en medias anuais)

	Beneficiarios totais			Invalidez		Xubilación	
	1998	1999	99/98 (%)	1998	1999	1998	99/98 (%)
Andalucía	98.696	103.112	4,5	52.136	55.381	46.559	2,5
Aragón	12.071	11.855	-1,8	3.957	4.015	8.114	-3,4
Asturias	11.064	11.428	3,3	5.794	6.109	5.270	0,9
Baleares	7.576	7.901	4,3	4.238	4.503	3.338	1,8
Canarias	36.130	38.430	6,4	20.337	22.110	15.793	3,3
Cantabria	5.827	6.152	5,6	3.221	3.422	2.606	4,8
Castela-A Mancha	21.532	22.126	2,8	9.659	10.051	11.872	1,7
Castela e León	27.755	28.114	1,3	13.161	13.498	14.594	0,2
Cataluña	51.746	55.706	7,7	23.550	25.901	28.196	5,7
C. Valenciana	38.573	39.564	2,6	19.733	20.565	18.840	0,8
Extremadura	13.772	14.636	6,3	6.083	6.412	7.689	7,0
Galicia	48.262	51.001	5,7	24.827	26.188	23.435	5,9
Madrid	31.370	32.827	4,6	13.963	14.989	17.406	2,5
Murcia	12.485	13.927	11,5	8.948	9.838	3.537	15,6
Navarra	3.411	3.454	1,3	900	975	2.510	-1,2
País Vasco	10.845	10.972	1,2	5.789	5.925	5.056	-0,2
A Ríoxa	2.428	2.395	-1,4	1.279	1.287	1.149	-3,6
Ceuta e Melilla	3.986	4.019	0,8	2.985	3.016	1.000	0,3
Total	437.529	457.619	4,6	220.560	234.185	216.964	3,0
G/E	11,0	11,1		11,3	11,2	10,8	11,1

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

CADRO 3.3.4.

Beneficiarios das prestacións sociais e económicas da LISMI e das pensións asistenciais nas CC.AA. 1998-99

(en medias anuais)

	LISMI			Pensións asistenciais		
	1998	1999	99/98 (%)	1998	1999	99/98 (%)
Andalucía	26.374	23.331	-11,5	32.329	27.914	-13,7
Aragón	3.985	3.500	-12,2	826	619	-25,1
Asturias	5.660	4.898	-13,5	1.143	834	-27,0
Baleares	1.427	1.277	-10,5	1.584	1.307	-17,5
Canarias	1.567	1.349	-13,9	9.477	8.185	-13,6
Cantabria	2.290	2.013	-12,1	612	493	-19,4
Castela-A Manch	9.907	8.785	-11,3	5.726	4.878	-14,8
Castela e León	15.512	13.807	-11,0	5.376	4.673	-13,1
Cataluña	13.671	12.270	-10,2	7.948	6.013	-24,3
C. Valenciana	13.142	11.697	-11,0	8.854	7.566	-14,5
Extremadura	10.920	9.721	-11,0	4.139	3.584	-13,4
Galicia	9.832	8.392	-14,6	6.669	3.789	-43,2
Madrid	10.070	9.018	-10,4	9.262	7.867	-15,1
Murcia	17.206	15.368	-10,7	4.370	3.079	-29,5
Navarra	-	-	-	725	624	-13,9
País Vasco	-	-	-	-	-	-
A Rioxa	801	721	-10,0	100	86	-14,0
Ceuta e Melilla	1.777	1.597	-10,1	709	643	-9,3
Total	144.141	127.744	-11,4	99.849	82.154	-17,7
G/E (%)	6,8	6,6		6,7	4,6	

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

Tendo en conta os dous tipos de pensións non contributivas, as de invalidez e as de xubilación, o devandito **cadro 3.3.3.** amosa que o 51,3% do total de beneficiarios corresponde ás primeiras, e o restante 48,7%, a pensións de xubilación. Comparado co ano anterior, o devandito cadro amosa o descenso da importancia relativa das pensións de invalidez no total estatal (medran un 5,5% fronte ó 6,2% do total estatal) e o aumento do peso relativo das pensións de xubilación, que medran un 5,9% fronte ó 3% do conxunto do estado.

Co incremento destas pensións non contributivas continúa a redución do número de beneficiarios de prestacións sociais e económicas da Lei de Integración Social dos Minusválidos (Lismi) e das pensións asistenciais. No primeiro caso, como reflicte o **cadro 3.3.4.**, rexistrouse un forte descenso do número de beneficiarios, que no caso galego, baixou un 14,6% respecto a 1998, sendo comunidade onde máis descende o número destas prestacións.

O peso das prestacións sociais e económicas da Lismi en Galicia no conxunto de España baixa do 6,8% en 1998 ó 6,6% do ano 1999.

Finalmente, en relación ós beneficiarios das pensións asistenciais, **cadro 3.3.4.**, o seu número reduciuse nun 43,2% en 1999 respecto ó ano anterior, pasando de 6.669 beneficiarios en 1998 ós 3.789 de 1999.

Prestacións por desemprego

Como reflicte o **cadro 3.3.5.**, o número total de **beneficiarios** por prestacións por desemprego continúa a súa tendencia descendente, situándose en 1999 en Galicia en 61.245 persoas, o que supón un 7,4% menos que no ano anterior.

Respecto ó tipo de prestación, cabe salientar que un 52,9% dos beneficiarios cobrou as prestacións de nivel asistencial, correspondendo o 47,1% restante, a beneficiarios de prestacións de nivel contributivo. As prestacións de

CADRO 3.3.5.

Beneficiarios de prestacións por desemprego e paro rexistrado 1998-99

1998						
	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España (1)
Beneficiarios contributiva (media mensual)	28.635	11.983	3.175	3.371	10.106	462,3
Beneficiarios subsidios (media mensual)	37.487	14.736	4.403	6.110	12.238	667,8
Total	66.122	26.719	7.578	9.481	22.344	1.130,1
Paro rexistrado (1)	156,5	65,0	16,4	19,5	55,7	1.889,5
Benef.contr./Paro rexistr.	18,30	18,44	19,36	17,29	18,14	24,47
Benef. subs./Paro rexistr.	23,95	22,67	26,85	31,33	21,97	35,34
Taxas de cobertura bruta das prestacións por desemprego	42,25	41,11	46,21	48,62	40,11	49,13

1999						
	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España (1)
Beneficiarios contributiva (media mensual)	28.877	12.352	2.908	3.320	10.297	440,7
Beneficiarios subsidios (media mensual)	32.368	12.546	3.841	5.431	10.550	611,0
Total	61.245	24.898	6.749	8.751	20.847	1.051,7
Paro rexistrado (1)	139,1	57,5	14,4	17,6	49,6	1.651,6
Benef.contr./Paro rexistr.	20,76	21,48	20,19	18,86	20,76	26,68
Benef. subs./Paro rexistr.	23,27	21,82	26,67	30,86	21,27	36,99
Taxas de cobertura bruta das prestacións por desemprego	44,04	43,30	46,87	49,72	42,03	50,92

(1) os datos do paro rexistrado e os datos de beneficiarios para España están en miles

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INEM e Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

nivel asistencial corresponde ó 75% do salario mínimo interprofesional, que para 1999 foi de 69.270 pesetas ó mes.

Por provincias, o maior número de beneficiarios corresponde á provincia de A Coruña, con 24.898 beneficiarios, un 6,8% menos que no ano anterior. Por detrás, séguelle Pontevedra con 20.847 persoas, un 6,7% inferior ó ano 1998, e finalmente Ourense e Lugo con 8.751 e 6.749 beneficiarios, respectivamente.

Finalmente, ó contrario do acontecido no ano anterior, a taxa de cobertura bruta en 1999, isto é, a relación entre perceptores e o paro rexistrado, medrou ata o 44,04% (en 1998 situouse no 42,25%). A provincia de Ourense presenta a maior taxa de cobertura, con 49,72% (50,92% en España). O devandito

cadro 3.3.5. reflicte un aumento da importancia relativa dos beneficiarios das prestacións contributivas que representan un 20,76%, fronte ó 23,27% dos beneficiarios das prestacións asistenciais.

O cadro 3.3.6. recolle a distribución dos gastos e ingresos da prestación de desemprego. Os ingresos ascenderon a 84.859 millóns de pesetas, un 11,8% máis que o ingresado no ano anterior, en tanto que os gastos da prestación por desemprego ascenderon a 78.482 millón de pesetas, un 0,3 máis que en 1998.

Comparado co ano anterior, en 1999 os ingresos de recadación por cotas de desemprego superan ós gastos en 6.377 millóns de pesetas, fronte á situación de 1998, cando os gastos foron 2.357 millóns superiores ós ingresos.

CADRO 3.3.6.

Distribución dos gastos e ingresos de prestacións por desemprego 1998-99

(en millóns de pesetas)

	Ingresos Recadación cotas desemprego	1998				Total
		Contributiva	Subsidio	Cotas contributivas	Cotas subsidio	
A Coruña	33.696	15.064	9.423	6.090	1.725	32.302
Lugo	7.451	3.564	2.747	1.394	509	8.214
Ourense	7.429	4.039	3.852	1.585	746	10.223
Pontevedra	27.296	12.972	7.940	5.146	1.433	27.491
Total	75.873	35.639	23.962	14.215	4.414	78.230
España	1.557.579	628.046	296.732	256.819	53.553	1.235.151

	Ingresos Recadación cotas desemprego	1999				Total
		Contributiva	Subsidio	Cotas contributivas	Cotas subsidio	
A Coruña	37.728	16.410	8.351	6.705	1.588	33.054
Lugo	8.337	1.154	2.398	3.387	476	7.415
Ourense	8.272	3.793	3.493	1.776	703	9.765
Pontevedra	30.552	14.109	7.145	5.662	1.332	28.248
Total	84.859	35.466	21.387	17.530	4.099	78.482
España	1.736.623	616.912	266.757	255.287	49.547	1.188.503

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

Comparada con España, o peso relativo dos ingresos por cotas en Galicia pasa de se-lo 4,87% do total español en 1998 a representa-lo 4,89% no ano 1999. A importancia relativa dos gastos aumenta, pasando do 6,33% de 1998 ó 6,60% do último ano.

Por provincias, unicamente Ourense presenta un diferencial negativo, por un importe de 1.493 millóns de pesetas, fronte ó déficit de 2.794 millóns de pesetas do ano anterior.

A inserción social en Galicia

Este apartado está adicado ó estudio da prestación e inserción social, para o que se verá a Renda de integración social de Galicia (Risga), as axudas para situacións de emerxencia social e os proxectos *Achego* e *Guieiro*.

Respecto á **Risga**, coa aprobación da Lei 1/1999, de 5 de febreiro, deuse entrada no dispositivo a un maior número de persoas, ó redu-

cirse o tempo medio de empadramento de 5 a 1 ano, posibilitándose o acceso de persoas menores de 25 anos con determinadas problemáticas (orfos, persoas con discapacidade e tutelados pola administración autonómica) e excepcionando que non existan persoas legalmente obrigadas e con posibilidades reais de prestarlles alimentos en supostos de malos tratos e relacións familiares deterioradas ou inexistentes.

O número de beneficiarios en 1999 ascendeu a 4.292 persoas (o 67% dos perceptores da renda de integración social de Galicia son mulleres), fronte ós 4.130 do ano anterior. Tendo en conta que a renda beneficia á unidade familiar e que a mesma está formada por unha media de tres membros, o número de beneficiarios da Risga no último ano ascende a 12.876 persoas.

O presuposto adicado ó pagamento das axudas da Risga, **cadro 3.3.7.**, ascendeu un

CADRO 3.3.7.

Risga e Axudas de Emerxencia Social 1999: beneficiarios e presupostos

	Beneficiarios		Presupostos	
	Risga	AES	Risga (en millóns de pesetas)	AES
A Coruña	1.850	289	880,7	42,5
Lugo	453	137	198,9	24,0
Ourense	382	189	156,2	49,9
Pontevedra	1.607	328	784,5	51,5
Total	4.292	943	2.020	167,9

Fonte: Dirección Xeral de Servizos Sociais

CADRO 3.3.8.

Resolución das solicitudes presentadas á Risga e ás AES 1998-99

	1998	1999		
	totais	totais	Risga	AES
solicitudes a resolver	4.829	4.369	2.570	1.799
presentadas no ano	4.266	3.942	2.283	1.659
pendentes do ano anterior	563	427	287	140
solicitudes resoltas	4.402	3.949	2.288	1.661
solicitudes present. / resoltas (%)	91,2	90,4	89,0	92,3
solicitudes desestimadas	1.552	1.393	756	637

Fonte: Dirección Xeral de Servizos Sociais

CADRO 3.3.9.

Risga e Axudas de Emerxencia Social 1998-99: solicitudes rexistradas

	Risga			Axudas de emerxencia social		
	1998	1999	acumuladas (1)	1998	1999	acumuladas (1)
A Coruña	980	832	7.027	615	584	4.721
Lugo	325	275	1.844	179	186	1.601
Ourense	249	258	1.931	316	342	2.777
Pontevedra	946	918	6.102	656	547	4.122
Total	2.500	2.283	16.904	1.766	1.659	13.221

(1) acumuladas dende a entrada en vigor da Lei 9/1991

Fonte: Dirección Xeral de Servizos Sociais

3,8% respecto ó ano anterior, acandando en 1999 os 2.020,3 millóns de pesetas.

En 1999, do total de 2.570 solicitudes a resolver (287 pendentes do ano anterior e 2.283 presentadas en 1999) foron resoltas un total de 2.288, é dicir, o 89%.

Respecto ás **axudas de emerxencia social**, destináronse un total de 167,9 millóns de pesetas, das que se beneficiaron 943 persoas. Ó longo de 1999 resolvéronse un total de 1.661 das 1.799 solicitudes a resolver (1.659 presentadas en 1999 e 140 pendentes do ano

anterior), o que supón que a porcentaxe de resolución ascendeu ó 92,3%.

Os proxectos *Achego* e *Guieiro* comezaron a desenvolverse en 1998 e remataron o 31 de decembro de 1999, sendo a súa finalidade a integración social e laboral de determinados colectivos.

O proxecto *Achego* ía dirixido á adaptación e readaptación social, económica e profesional dos emigrantes retornados, dos inmigrantes e das persoas ameazadas de procesos de exclusión. Para a súa aplicación seleccionáron-

se os concellos de Santiago, Ferrol, Lugo, Ourense e Vigo.

O número de participantes ascendeu a 571 persoas, das que 295 (o 58,4%) eran mulleres e dos que o 23,5% tiña menos de 25 anos e o 39,4% entre 25 e 35 anos. Respecto o seu nivel de formación, o 14,2% non sabía ler nin escribir, un 16,1% só lía ou escribía, un 15,8% posuía o certificado de escolaridade e o 15,2% estaba en posesión do graduado escolar. Pola contra, o 12,4% tiña estudos medios ou superiores.

Pola súa problemática específica, o 46% dos participantes pertencen ó colectivo de inmigrantes e refuxiados, o 19% ó de emigrantes retornados e o 15,2% ó colectivo da etnia xitana e minorías étnicas.

O presuposto ascedeu a 125 millóns de pesetas, dos que 50 millóns corresponderon ó exercicio de 1999. Este presuposto foi aportado polo Fondo Social Europeo e pola Dirección Xeral de Servizos Sociais, de tal xeito que para o exercicio de 1999, a dirección xeral aportou 12,5 millóns de pesetas e o FSE os 37,5 millóns restantes.

No período 98-99 houbo un total de 118 insercións, das que 98 lograronse mediante contratacións por conta allea e 20 por mor de iniciativas de autoemprego. Os sectores con maior número de insercións foron a construción, hostalería, comercio polo miúdo, servizos colectivos sociais e persoais e o sector téxtil. Ademais, a incentivación á contratación e á autocreación de emprego deu lugar a 48 insercións incentivadas, das que 30 corresponden a insercións por conta allea e 18 a insercións por autoemprego.

O proxecto *Guieiro* tivo como obxectivo a incorporación dos grupos sociais máis desfavorecidos ós dispositivos de integración social e

inserción. Para o desenvolvemento do mesmo seleccionáronse os concellos de Santiago, Ferrol, Lugo, Monforte de Lemos, Ourense, Vigo, a Mancomunidade “Terra de Celanova” e agrupacións voluntarias (Carballiño e Borobás; Outes e Mazaricos; Muros e Carnota; Ponte-deume, Mugardos e Cabanas; Abegondo, Cesuras, Coirós e Oza dos Ríos).

O número de participantes ascendeu a 2.085 persoas, das que o 58,4% foron mulleres. O 24,2% dos participantes tiña unha idade menor de 25 anos e o 34,6% tiñan entre 25 e 35 anos. Respecto ó seu nivel de formación, o 1,9% non sabía ler nin escribir, un 8,2% só lía ou escribía, un 29,1% posuía o certificado de escolaridade e o 38,4% estaba en posesión do graduado escolar. Pola contra, o 3,8% tiña estudos medios ou superiores.

Como última característica dos participantes neste proxecto, o 50% dos incluídos foron perceptores da Risga ou potenciais beneficiarios da mesma, máis dun 30% estaban no paro e o resto pertencía a colectivos desfavorecidos (toxicómanos, minorías étnicas, inmigrantes...).

O presuposto para o exercicio do 99 ascendeu a 170 millóns de pesetas, dos que 42,5 millóns son aportados pola dirección Xeral de Servizos Sociais e 127,5 millóns polo FSE.

Finalmente, o número de insercións nos dous anos de vixencia do proxecto ascendeu a 514, das que 479 corresponden a insercións por conta allea e 35 a insercións por autoemprego. Ademais, houbo un total de 179 insercións incentivadas, das que 155 son por conta allea e 24 son insercións por autoemprego.

No período 98-99 a Consellería de Sanidade e Servizos Sociais colaborou no desenvolvemento do proxecto *Life*, promovido polos

concellos de Vigo, Lugo e Ferrol, e de aplicación nos barrios de A Doblada, A Tinería e Lamas de Prado e Caranza, respectivamente. O seu obxectivo foi promover a inserción sociolaboral dos colectivos máis desfavorecidos destes barrios e deseñar estratexias de intervención que permitiran ós servizos sociais municipais de atención primaria contar con máis medios para a consecución destes fins, así como establecer dinámicas e mecanismos favorecedores dunha incorporación de persoas desempregadas ou en situación de exclusión social ós circuitos normalizados de emprego.

O custo total do proxecto foi de 53,3 millóns de pesetas, quee foron cofinanciados polo FSE (40 millóns), a Dirección Xeral de Servizos Sociais (2 millóns), os concellos (10,3 millóns) e a iniciativa privada (1 millón).

Finalmente, existen outro tipo de axudas como as axudas a entidades de iniciativa social, cun importe de 71,3 millóns de pesetas, ou axudas a concellos para servizos sociais especializados, con 11,3 millóns de pesetas. ■